



Son o concello de Vedra e estou situado no sur da provincia da Coruña, no corazón do Val do Ulla. Teño unha extensión de 53 Km2, cuns 5.100 habitantes distribuídos en 12 parroquias.

Pasear por Vedra e polas miñas paisaxes adéntrate nun espazo con personalidade propia. Facer referencia a un só lugar ou monumento non é posible, todo eu son un lugar que merece ser descuberto.

Por todo iso, e por moito máis...son Vedra!



son ... pedra
son ... pazos
son ... auga
son ... paisaxes naturais
son ... a porta de Compostela

son... pasado, presente e futuro

Son un importante patrimonio natural, cultural, arquitectónico e etnográfico que che permite descubrir a historia que esconde nesta terra.

O meu patrimonio natural conta cun claro protagonista, o río Ulla e os seus afluentes que conforman a paraxe do val; un espazo protexido pola Rede Natura 2000. Destaco co Couto de Ximonde e coa súa ponte colgante, un dos coutos de salmón máis importantes de Galicia.

A miña arquitectura ten a súa pegada nas construcións relixiosas (igrejas e capelas) e nos numerosas pazos e casas grandes, que servían de residencia de descanso á nobreza. O meu mellor referente é o Pazo de Ortigueira ou de Santa Cruz de Ribadulla, declarado Ben de Interese Cultural. Tamén conto cos Pazos de Ximonde, Guimaráns, A Costa e Vista Alegre.

Ligados ás construcións padeiras, destacan diversos elementos etnográficos: pombais, hórreos e cruceiros, que teño espallados por todos os lugares.



son ... sendeirismo
son ... cicloturismo
son ... Vía da Prata
son ... piraguas
son ... Barcas do Ulla
son ... pesca
son ... natureza
son ... áreas de recreo

son... aventura




Son moitas as alternativas que che ofrezco para o teu completo goce.

Permíteme destacar as actividades ao aire libre e as rutas en contacto coa natureza, que che amosan a beleza e a diversidade do concello.

Ao longo do ano dispós dun amplo abano de actividades culturais, sociais e deportivas. Variadas propostas como practicar sendeirismo ou cicloturismo onde podes descubrir belos recunchos; percorrer o último tramo da Vía da Prata do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro; gozar do enoturismo a través da “Ruta do Viño da Ribeira do Ulla”; adentrarte no río en piraguas ou nas Barcas do Ulla; descansar nas miñas áreas recreativas, son algunhas das escusas para que te animes a visitarme.





www.vedraturismo.com
www.concellodevedra.com



son ... festas gastronómicas e patronais

Ao longo dos meses do ano, contas con numerosas celebracións nas miñas doce parroquias. Festexos relixiosos e romarías son complementadas coas festas gastronómicas, entre as que sobresaen a do Viño, a da Orella, a do Porco á Brasa, a do Carneiro ó espeto, a do Escalo, a do Chourizo, a da Cacheira...

De entre as características do meu entroido (Declarado Festa de Interese Turístico de Galicia) sobresaen as nosas personaxes máis representativas: os Xenerais e Correos que van a cabalo, percorrendo as parroquias ao longo do día dando vivas a veciños/as e visitantes. Estes van acompañados dun “exército” de abandeirados, coros de bonito, comparsas e parrandas de vellos. O día remata cunha escinificación, un atranque ou alto dos correos e xenerais; este é un enfrontamento dialéctico por parellas, aprobeitado para facer burla e sátira de asuntos locais, de política ou do corazón, acontecidos durante o ano.





son
... restaurantes
son
... tabernas e bares
son
... produtos locais

son ... cociña tradicional e creativa

- | | |
|---|--|
| Restaurantes | Bares e cafeterías |
| 1 RESTAURANTE VILLASVERDE
Figueiredo, 10. A Ponte Ulla
Tlf: 981512652
www.villa-verde.es | O CHURRASCO DE JUANITO
A Ponte Ulla 629848365 |
| 2 PAZO VISTA ALEGRE
Ponte Ulla, 30. A Ponte Ulla
Tlf: 981512078 / Móbil: 610529590
www.pazovistaalegre.com
info@pazovistaalegre.com | BAR RÍOS
A Ponte Ulla 981512305 |
| 3 O CRUCEIRO
Vista Alegre s/n. A Ponte Ulla
Tlf: 981512099 / Móbil: 649952594
www.ocruceiro.es
info@ocruceiro.es | CAFÉ BAR O CRUCEIRO
A Ponte Ulla 981512099 |
| 4 RESTAURANTE RÍOS
Ponte Ulla, 7. A Ponte Ulla
Tlf: 981512305 | BAR CAFETERÍA O RANCHO
San Pedro de Vilanova 633492531 |
| 5 PAZO DE GALEGOS
Galegos, 6. San Pedro de Vilanova
Tlf: 981512217
www.pazodegalegos.com
hotel@pazodegalegos.com | CAFÉ BAR VICTORIA
Sta Cruz de Ribadulla 981512067 |
| 6 RESTAURANTE VICTORIA
Galegos, 15. Santa Cruz de Ribadulla
Tlf: 981512067 / Móbil: 680731558
www.hostalresidencialvictoria.es
info@hostalresidencialvictoria.es | CAFETERIA QUENLLAS
Santa Cruz de Ribadulla 981512452 |
| 7 RESTAURANTE O CHURRASCO DE JUANITO
Ponte Ulla, 2. A Ponte Ulla
Tlf: 981512610 / Móbil: 629848365
juansanjurjoneves@gmail.com | TABERNA MOSQUEIRO
San Mamede de Ribadulla 981512036 |
| 8 RESTAURANTE A DORNA
Trobe, 10. Trobe
Tlf: 981503376 / Móbil: 636396440
adornatrobe@gmail.com | CASA ALBELA
San Mamede de Ribadulla 981512106 |
| 9 O FOGAR DO AVÓ
Gándara, 2. San Fins de Sales
Tlf: 981511666 / Móbil: 628775605
nteressac:5555@hotmail.com | CAFÉ BAR DERBI
San Miguel de Sarandón 618812939 |

son ... produtores locais


- | | |
|--|---|
| Adegas | Destilería de agardentes e licores |
| 16 ADEGA VALDÉS
Rozadela, Santa Cruz de Ribadulla
Tlf: 981512339
Móbil: 607705920
www.adegavaldes.com
ventas@gundian.com | 19 AGUARDIENTES DE GALICIA S.A.
Cubelas, San Pedro de Sarandón
Tlf: 981502100
www.aguardientesdegalicia.com
info@aguardientesdegalicia.com |
| 5 PAZO DE GALEGOS
Galegos, 6. San Pedro de Vilanova
Tlf: 981512217
Móbil: 630069040
www.pazodegalegos.com
bodega@pazodegalegos.com | 20 GALICIAN ORIGINAL DRINKS S.L.
Cimadevila, 27, San Miguel de Sarandón
Tlf: 98111818
www.nordesia.com
pedidos@godrinks.es |
| 17 SOLAGRA S.A.
Laraño, 8. San Xán de Sales
Tlf: 981511624
www.casadodosol.es
comercial@casadosol.es | 21 QUESERÍAS DEL ULLA S.L.
Trasariz, 10. Vedra
Tlf: 981512217
Móbil: 630069040
www.pazodegalegos.com
bodega@pazodegalegos.com |
| 18 AGROVERDE PACEGO S.L.
BODEGAS BARALLOBRE
PAZO DE XIMONDE
San Miguel de Sarandón 9
Tlf: 981506491 / Móbil: 616712995
http://www.barallobre.net/
bodega@barallobre.net | 22 OLIVAR DE MOURA, S.L. GALEO
Iglesia, 14 – Merín
Tlf: 981503256
www.olivardemoura.es
info@olivardemoura.com |
| | 23 AGROVEDRA
Marzán de abaixo, 4. Vedra
Tlf: 981503105 / Móbil: 616712995
www.agrovedra.com |



son ... casas de turismo rural
son ... hoteis con encanto
son ... aloxamentos
son ... albergue de peregrinos

son ... recunchos para o descanso

- | | |
|--|--|
| Turismo rural | Hotel con encanto |
| 10 CASA SUÁREZ
Ponte de Sarandón, 2. San Mamede de Ribadulla
Tlf: 981512548 / Móbil: 609068441
www.casasuarez.com
info@casasuarez.com | 5 PAZO DE GALEGOS
Galegos, 6. San Pedro de Vilanova
Tlf: 981512217
www.pazodegalegos.com
hotel@pazodegalegos.com |
| 11 PAZO CIBRÁN
Cibrán, 6. San Xán de Sales
Tlf: 981515155
www.pazocibrán.com
cibrán@pazocibrán.com | Pensión rústica |
| 12 CASA PAZ
Fornelos, 2. Vedra
Móbil: 652067524
www.casaturalpaz.com
ana.casapaz@gmail.com | 13 AS SEIS CHEMINEAS
Matelo, 3. San Xán de Sales
Tlf: 981510952 / Móbil: 647532149
www.seischemineas.es
seischemineas@gmail.com |
| Pensión | Outros aloxamentos |
| 3 O CRUCEIRO (Albergue)
Vista Alegre, s/n. A Ponte Ulla
Tlf: 981512099
www.ocruceiro.es
info@ocruceiro.es | 14 MOTEL SANTIAGO
A Gaiosia, San Pedro de Vilanova
Tlf: 981502350 |
| 6 PENSIÓN RESIDENCIAL VICTORIA
Galegos, 15. Santa Cruz de Ribadulla
Tlf: 981512216
www.hostalresidencialvictoria.es
info@hostalresidencialvictoria.es | 15 ALBERGUE DE PEREGRINOS
Outeiro, San Pedro de Vilanova |
| 7 PENSIÓN JUANITO
Ponte Ulla, 3. A Ponte Ulla
Tlf: 981512610 / Móbil: 629848365
juansanjurjoneves@gmail.com | |



como chegar

Para chegar ata min, tes varias opcións:

Desde Santiago de Compostela: colles a N-525 dirección Ourense e entras directamente nos límites do concello.

A N-525 Santiago–Ourense conflúe en A Ponte Ulla coa AC-241 A Ponte Ulla – Pontevea.

Tamén podes achegarte pola autoestrada AP-53 Santiago–Ourense tomando a primeira saída (Ribadulla: A Ponte Ulla, P.K. 14).

As comunicación internas do concello discorren a través de cómodas estradas locais.

Dúas liñas de autobuses (das empresas Monbús e Seoane) enlazan cada unha das miñas parroquias con Santiago.

distancias kilométricas por estrada

Santiago de Compostela	16 Km
Pontevedra	70 Km
A Coruña	86 Km
Ourense	92 Km
Vigo	97 Km
Ferrol	108 Km
Lugo	115 Km



lenda

- | | |
|-----------------------|--------------------|
| Autoestrada | Igrexa |
| Estrada nacional | Capela |
| Estrada local | Pazo |
| Camiño de Ferro | Muíños |
| Ruta da Prata | Zona de acampada |
| Rutas de sendeirismo | Albergue |
| Rutas cicloturísticas | Hospedaxe Rural |
| Ríos | Turismo Rural |
| Información | Pensión |
| Centro de saúde | Motel |
| Estación de servizo | Restaurante |
| Calxero automático | Adega |
| Inicio ruta | Vinedos |
| Sendeirismo | Queixos |
| Áreas de recreo | Destilería |
| Miradoiro | Hortalizas |
| Pesca | Plantas |
| Piragüismo | Artesanía |
| Casa das Artes | Panaderías |
| | Produtor de aceite |

o que non podes perder



PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA
Declarado Ben de Interese Cultural. Propiedade privada á que se pode acceder para visitar o xardín renacentista de referencia en Galicia, onde destaca a camelia, un dos símbolos do concello. O xardín é un dos espazos botánicos máis fascinantes de Galicia pola súa extraordinaria diversidade e riqueza ornamental así como polo seu valor botánico e paisaxístico.



MIRADOIRO DE GUNDIÁN
Posibilita magníficas vistas sobre o río Ulla estreitándose no Paso da Cova. Este paso queda salvado na actualidade pola ponte antiga do ferrocarril, a ponte do A.V.E. Cruzando a ponte, na outra beira atópase a Área de recreo do campo de Gundían que permite tamén gozar deste magnífico contorno natural.



ÁREA DE INTERPRETACIÓN DE MUÍÑOS
Conxunto etnográfico formado por oito muíños en bo estado de conservación ao longo dun percorrido de dous kilómetros. Este espazo constitúe un magnífico exemplo da cultura muiñeira de Vedra.



COUTO DE XIMONDE
Un dos coutos de salmón máis importantes de Galicia que acolle unha estación ictiolóxica de cría e reprodución e que conta ademais co seu propio centro de interpretación. Do seu contorno destaca a casa de pescadores, o salto-fervenza e a ponte colgante.



IGREXA DE VEDRA
Do século XVIII situada nun alto dominando todo o val e formando conxunto co cruceiro e a fonte ao pé do adro. O seu interior garda tres valiosos retablos barrocos.



CAPELA E FONTE DE “SANTIAGUÍÑO”

Situada no lugar de Outeiro na parroquia de San Pedro de Vilanova (S.XVIII). Xunto a ela hai unha fonte barroca que destaca polo seu peso histórico e lendario.